

# Os elementos zoomorfos nos *wellerismos* neerlandeses<sup>1</sup>

## *Zoomorphic elements in Dutch wellerisms*

*‘Parler de l’animal, revient à parler de l’homme’*

A.L. Michon, 2002

María Celeste Augusto

Universidade de Utrecht

Resumo: Todo tipo de fraseoloxía debe incluír os elementos zoomorfos cos seus valores simbólicos, os cales tamén se poden atopar nos *wellerismos*. Nos textos bíblicos, nas expresións paremiolóxicas e nas fábulas os animais empréganse cunha intención moral, como exemplos do ben, representacións do mal ou incluso como pronóstico do tempo. Porén, neste artigo veremos que este non é o caso dos *wellerismos*. Os elementos zoolóxicos presentes nos *wellerismos* non son só os animais habituais das fábulas, senón que poden incluír unha diminuta pulga e poden actuar como falantes ou como compoñentes dun xogo de palabras. Este traballo ten como obxectivo responder ás seguintes preguntas: 1. Cal é a función do elemento zoomorfo na estrutura do *wellerismo*? 2. Que tipo de animal é o máis empregado e que simbolismo representa? Para lograrlos, fixemos uso de varias fontes fraseolóxicas.

Palabras clave: *wellerismo*, elementos zoomorfos, fraseoloxía.

*Abstract: Every kind of phraseology may include zoomorphic elements with their symbolic values, therefore these can also be found in wellerisms. In biblical texts, in paremiological expressions and in the fables animals are used with a moral intention, as examples of the good, as representations of the evil and even they are as weather forecast. However, in this article we will see that this is not the case when we are dealing with wellerisms. Zoomorphic elements included in wellerisms are not only the usual animals of the fables, even a little flea can also be comprised; animals in this kind of phraseology can act as speakers or as a component of a pun. This paper has as a goal to answer to the following questions: 1. What is the function of the zoomorphic element in the structure of the wellerism? 2. What kind of animal is the most employed and what kind of symbolism does he represent? To accomplish this objective we have made use of several phraseological sources.*

Key words: *wellerism*, zoomorphic elements, phraseology, Dutch.

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 22.03.17. Data de aceptación: 08.08.2017.

Tradución feita por Inés Rodil.

## 1. Introducción

A interacción entre homes e animais, de forma real ou simbólica, é unha constante na historia da humanidade. O singular papel do animal na imaxinación humana foi recoñecido e pódese identificar en cada civilización. A Biblia, os documentos haxiográficos, os bestiarios, as fábulas, o folclore, etc. son claros exemplos desta conexión. Así mesmo, a necesidade de animais para a supervivencia física outorgoulles unha función esencial na dicotomía home-animal. Aquí van algúns exemplos das áreas nas que os animais teñen un papel esencial: a alimentación, a relixión (como deuses ou atributos divinos), a maxia, a preparación de remedios, como compañía, como medios de transporte, para prestar asistencia na agricultura, etc. As fábulas, un gran número de proverbios e os pensamentos medievais mostran perfectamente como se relacionan o home e o animal a través da súa capacidade para falar (Wackers 1988: 163-174), os animais convertéronse no reflexo do comportamento humano. Ambos son *Animalia*; con todo, o home é un *animal rationale* e esta é esencial diferenza.

A miña primeira reflexión sobre a interacción entre o home e o animal remóntase a 1993, cando estaba a preparar o meu doutoramento sobre as influencias máxico-relixiosas nos dialectos romances, as cales deron lugar á utilización de nomes de animais como fonte para denominar outros referentes. Este artigo céntrase na situación dos elementos zoomorfos nos *wellerismos*, onde o papel do animal difire substancialmente do seu papel exemplar en proverbios ou fábulas e da súa función e dimensión simbólica no proceso de denominación.

O meu obxectivo aquí é responder a estas dúas preguntas: 1. Que clase de animal é o máis utilizado e que representa? 2. Cal é a función do elemento zoomorfo na estrutura do *wellerismo*?

Como fontes materiais utilicei Cox & Kooi (2007); De Beul (1980a), (1981a) e (1981b); e a Rede. O título deste artigo fala de *wellerismos* neerlandeses, con todo tamén examinarei algunhas unidades frisias incluídas nos recursos utilizados.

A primeira parte deste artigo está dedicada a unha reflexión xeral sobre a forma canónica e a definición máis concisa e convencional de *wellerismo*, ademais inclúe as fontes do material e algúns métodos de investigación utilizados. A segunda parte céntrase na información, na súa posible clasificación, a súa análise e o seu debate. Na parte final, presentarei unha sinopse deste ensaio e algunhas conclusións preliminares.

## 2. Definición, fontes e metodoloxía

Suxiro definir un *wellerismo* como unha unidade fraseolóxica triple (ex. 1), é dicir, que consta de tres segmentos estreitamente relacionados<sup>2</sup>. A primeira parte, xeralmente chamada *dictum*, pode conter un proverbio actual ou unha frase proverbial. Vai seguida pola identificación do orador (persoa, animal ou *realia* inanimada) e por unha segunda

---

<sup>2</sup> Ver Taylor (1962), Mieder (1994) and Cox (2007).

parte, coñecida como *factum*. Esta última adoita situar á primeira nunha situación inesperada, absurda, incongruente ou irónica, o que é clave neste tipo de fraseoloxía:

(1) «“Todas as mulleres que necesitamos están dentro” + dixo o esposo + pechou a porta á noiva» // Theocritus, *Idylls*, xv, 77 (Taylor 1962: 203).

Desta maneira, algúns *wellerismos*, onde os animais son os protagonistas, son versións reducidas de fábulas ou contos baseados nas fábulas de Esopo, como a raposa e as uvas:

(2) «“As uvas están verdes”, dixo a raposa, que non podía alcanzalas» // (Meader 1994: 1232)<sup>3</sup>.

Pero o animal non é sempre o orador, por exemplo en:

(3) *Denken is voor paarden, zei slimmeken, die hebben een grotere kop.* // [Pensar é de cabalos, dixo o máis intelixente, porque teñen a cabeza máis grande] (De Beul 1981b: 46).

En canto ás fontes do material, mencionei anteriormente que utilicei a Cox (2007), en particular para unidades de entre 1500 e 2000, ademais de material contemporáneo que recuperei de coleccións de De Beul (1980) e (1981) e da Rede. Ata onde eu sei, Cox (2007) é a mellor colección de *wellerismos* neerlandeses / flamengos e frisóns ata a data, xa que ofrece exemplos coas súas variantes en ambas as linguas. Toda a información dispoñible sobre o tema, así como a súa fonte e algunha das súas correspondencias en alemán ou inglés, está rexistrada. Por exemplo, unha das nocións máis produtivas exemplifícase coa frase que deu nome ao libro de Cox ‘Alle beetjes helpen’ [Cada gran de area conta]. Esta expresión inclúese nos *wellerismos* con moitas variantes en neerlandés, frisio e flamengo. Cox recompilou varios equivalentes en inglés, alemán e irlandés. Atopei 16 exemplos, excluindo as variantes, que presentan 10 oradores distintos, e que rexistran este segmento ou as súas variantes. Ademais, o libro ofrece unha valiosa introdución e os materiais están indexados de maneira clara e contan coa súa fonte correspondente.

Os libros de De Beul datan de 1975, 1980 e 1981 e ademais de *wellerismos* tamén inclúen pequenos contos e brincadeiras. Trátase de simples coleccións sen variantes ou paralelismos noutras linguas e con datos principalmente flamengos. Como o autor informa na introdución de cada volume, estas publicacións «non teñen por obxecto ser científicas», apenas son unha colección de materiais etnográficos, por iso carecen de clasificación algunha dos temas e de diferenciación entre os oradores<sup>4</sup>. A diferenza de Cox (2007), algúns temas están ilustrados con debuxos, o que ofrece unha mensaxe visual directa dos seus contidos.

(4) *Mijn kind schoon kind, zei de uil, en hij bekeek zijn jong.* // [O meu neno é un neno precioso, dixo o bufo, e mirou ao seu fillo] (De Beul 1981b: 18)<sup>5</sup>.

<sup>3</sup> De agora en diante citarei a Meader (2004) como a continuación: DW máis o número de *wellerismo*.

<sup>4</sup> A información extraída de De Beul pódese considerar «materia prima».

<sup>5</sup> En relación con este *wellerismo* temos o proverbio «a beleza está nos ollos do que mira». Ao utilizar o bufo, considerado un animal feo, este *wellerismo* ridiculiza o argumento do proverbio (Rodegem, 1974).



A información extraída da Rede normalmente é incompleta e está mesturada con outras unidades paremiolóxicas como proverbios.

A fin de lograr os obxectivos previstos, a reflexión e a análise da información, baseámonos nalgúñas perspectivas esenciais propostas por Mieder (1994) e por Carson Williams (2002) nas súas introducións, especialmente nos elementos zoomorfos nos *wellerismos*. Tamén me inspirei no que Rodegem (1974) considera o binomio home-animal proposto nun *wellerismo*<sup>6</sup>. A clasificación e a división da información proposta baséase en métodos descritivos e comparativos suxeridos, en parte, por Cox (2007), Carson Williams (2002) e Mieder (1994).

### 3. Información, clasificación e análise

As tres fontes de información rexistran as unidades fraseolóxicas de maneiras moi diferentes. Cox (2007) recompilou 201 *wellerismos* que presentan animais como oradores sinalando que cumpren esta función 61 animais diferentes (a ra e o sapo contabilizan como un mesmo animal). Gustárame sinalar que o elemento zoomorfo actúa non só como orador; nalgúñas ocasións forma parte dun diálogo e, noutras, as máis habituais, é un mero participante nunha situación. Algúns animais teñen máis fama ca outros como

---

<sup>6</sup> Poderíase dicir que o home, o animal e o *wellerismo* son como tres lados iguais dun triángulo.

oradores, por exemplo o raposo, o gato, a ra / o sapo ou o bufo. Con todo, outros animais que non imaxináramos, como a gamba, o piollo ou a anguía, tamén figuran como oradores, aínda que só sexa unha vez.

Mentres que en Cox (2007) os *wellerismos* presentan unha estrutura clara e o orador zoomorfo está rexistrado por separado, en De Beul parece que o seu rexistro segue unha clasificación semántica en relación á mensaxe e non ao orador. Das coleccións publicadas por De Beul, extraín información só dos tres máis recentes, xa que o libro publicado en 1975 está incluído na colección de Cox. É máis, De Beul adoita repetir os exemplos nos seus libros. Nalgunha das publicacións de De Beul, en especial en *Het Vlaamse Geluk*, os conflitos sociais, políticos e económicos entre as dúas rexións belgas, Flandres e Valonia, son un tema recorrente nos *wellerismos* e por conseguinte os seus símbolos, o león e o galo, figuran entre os oradores zoomorfos máis frecuentes, como se indicará nas seguintes táboas.

Ata o momento seleccionei na Rede 24 unidades con integrantes zoomorfos.

En canto á clasificación e a análise da información seleccionada diferenciei tres grandes grupos: I - *wellerismos* cun orador zoomorfo; II - *wellerismos* cun orador zoomorfo e outro integrante zoomorfo; III - *wellerismos* con outro tipo de orador pero con integrantes zoomorfos. Expuxen esta información en dúas táboas; a táboa 1 mostra a correlación dos tres grupos en Cox (2007), De Beul (1980a), (1981a) e (1981 b) e a Rede<sup>7</sup> tendo en conta todas as fontes pero enumerando soamente unha vez as duplicadas. A táboa 2 contén só os *wellerismos* cun orador zoomorfo e a súa fonte, orador principal, orador secundario e as unidades baseadas nun proverbio, unha fábula ou un conto.

Fonte	<i>Wellerismos</i> con oradores zoomorfos	Oradores e outros integrantes zoomorfos	Só integrante zoomorfo
Cox	201	67	399
Beul A	-	-	6
Beul B	10	9	12
Beul C <sup>s</sup>	1	1	1
Rede	15	2	9

Táboa 1: Correlación entre a fonte e os *wellerismos* con personaxes zoomorfos

<sup>7</sup> As unidades que se repiten nas fontes tan só se inclúen unha vez nas táboas.

<sup>8</sup> De Beul A = *Bazen en Knechten*; De Beul B = *Het Vlaamse Geluk*; De Beul C = *Zeispreuken kijkboek*.

Fonte	Orador principal	Orador secundario	Integrante principal	Baseado nunha fábula, conto ou proverbio existente
Cox	Raposo / 35 veces	Gato / 13 veces	Porco / 51 veces	16
De Beul A, B, C,	Galo / 6 veces	León / 2 veces	Burro / 5 veces	3
Rede	Raposo / 2 veces	1 vez cada elemento	1 vez cada elemento	4

Táboa 2: Correlación entre fonte, orador principal, integrante e fábula, conto ou proverbio

### 3.1. Análise

Ao examinar a táboa 1 vese claramente que os elementos zoomorfos poden xogar dous papeis nun *wellerismo*; xa sexa como orador ou integrante, aínda que en ocasións realiza ambos os papeis nun mesmo *wellerismo*. A maioría de veces o elemento zoomorfo é o orador, pero non sempre, como confirma *Bazen & Knechten* de De Beul.

Se consideramos que Cox (2007) é a fonte máis completa para unidades entre 1500 e 2000 palabras, as porcentaxes non son moi altas; en 4475 *wellerismos*, 399 teñen un elemento zoomorfo que non actúe como orador, (ex. 5); 67 teñen un orador e outro elemento zoomorfo, (ex. 6) e só 201 teñen un orador zoomorfo, é dicir, un 4,49%.

Se temos en conta Meader (1994), en 1516 unidades rexistradas, contamos 172 oradores zoomorfos, o que dá un 11,34%, unha cifra bastante máis alta. Doutra banda, mentres que Meader conta as variantes isto non ocorre en Cox (2007).

Dous exemplos:

(5) *Waar volk is, is nering, zei de boer, en hij ging met zijn varkens de kerk in.* // [Onde ves xente, hai diñeiro, dixo o aldeán, e entrou na igrexa cos seus porcos] (Cox: 2939).

(6) *Alle beetjes helpen, zei de vos, en hapte een mug op.* // [Cada pequeno grao de area axuda, dixo o raposo, e tragou un mosquito] (Cox: 4410).

Mirando novamente a táboa 1, independentemente de Cox (2007), normalmente o elemento zoomorfo é o orador.

Os diálogos son pouco comúns; con todo, ás veces sucede que o orador fala con outro protagonista zoomorfo pero sen recibir resposta algunha como neste exemplo:

(7) *Kom, zei de haan tot de leeuw, we gaan het in Brussel uitvechten.* // [Ven, dixo o galo ao león, decidirémolo en Bruxelas] (De Beul 1981a: 15).

Neste *wellerismo* o galo e o león teñen a capacidade de falar e representan a dúas principais comunidades belgas, os valóns e os flamengos. Aquí podemos ver unha manifestación política camuflada<sup>9</sup> onde a lingua é utilizada como arma<sup>10</sup>.

Rodegem afirmou que “la fonction du wellérisme est satirique et contestataire” (1972: 698) e en 1974 ratificou esta idea utilizando os *wellerismos* de Burundi con oradores zoomorfos e / ou protagonistas que actúan como un instrumento burlesco de protesta, como no ex. 7 e algún outro exemplo rexistrado en *Het Vlaamse Geluk* de De Beul<sup>11</sup>. Ademais, a connotación política que se transmite na maioría dos *wellerismos* de *Het Vlaamse Geluk* reflicte o carácter temporal destes segmentos en concreto.

Unha das conversacións entre animais máis sorprendente nun *wellerismo* é a dunha gamba e unha pescada, personaxes que normalmente non interveñen<sup>12</sup>. Parécese á famosa historia do rato e o elefante que tamén utiliza o absurdo para provocar hilaridade.

(8) *Daar zijn we grote vissen weer, zei de garnaal tegen de schelvis.* // [Aquí estamos, peixe gordo, dixo a gamba á pescada] (Cox: 4271).

*Daar zijn wij, grote vissen weer, zoals de garnaal tegen de schelvis zei*

*Daar zijn wij, grote vissers weer, zoals de garnaal tegen de schelvis zei. - Hij doet alsof hij heel wat is.*

*Daar zijn wij grote vissen weer, zei de garnaal tegen de schelvis.*

Con respecto á táboa 2, na que tiven en conta tan só os *wellerismos* con orador zoomorfo, de calquera das tres fontes, e o participante zoomorfo máis frecuente, é obvio que en Cox o raposo é definitivamente o orador zoomorfo máis popular e o porco o participante máis asiduo, aínda que só aparece como orador en cinco ocasións. A pesar desta excepción, estes dous elementos zoomorfos nunca participan en algo parecido a un diálogo. Na Rede, tamén é o raposo o elemento zoomorfo que máis aparece pero, como na internet non se pode realizar unha procura exhaustiva, supoñemos que poida que aparezan outras obras con outros animais como oradores.

De entre os *wellerismos* máis enxeñosos destacamos o seguinte sacado da Rede:

(9) *Geef mij maar een joint, zei de goudvis, dan word ik haai.* // Rede [Dáme un porro, dixo o peixiño, entón serei unha quenlla]

<sup>9</sup> Esta broma está admitida porque non se pode recriminar ou censurar a un animal; respecto disto nalgunhas partes do oeste de África, nos diálogos dos *wellerismos*, é moi común que os animais sexan os protagonistas (Carson Williams 2002: 17).

<sup>10</sup> Para saber máis sobre como utilizan a lingua os europeos occidentais nos poemas épicos bestiaros, ver Wackers (1988).

<sup>11</sup> *Het Vlaamse Geluk* publicouse nos anos 80, unha época marcada polos grandes desacordos políticos en Bélxica entre Valonia e Flandres.

<sup>12</sup> As chinches e as ameixas son outros animais que non imaxinas que poidan aparecer nun *wellerismo*. En Cox (2002) podemos ver como estas últimas interveñen ata en 6 ocasións.

Aquí o efecto cómico e absurdo baséase fonolóxica e semanticamente na palabra *haai* (quenlla en galego), pronunciada [hai], e o significado de *high*, en inglés, que fai referencia ao cego despois de fumar un *joint*, é dicir, un porro de marihuana.

En xeral, o efecto cómico dos *wellerismos* baséase no inesperada e absurda que é a situación descrita, normalmente remarcado co uso dalgunhas palabras ou expresións e un contido inconformista<sup>13</sup>.

Nos libros de De Beul, o número de veces que o león e o galo son oradores zoomorfos ten que ver coa índole política da maioría dos seus *wellerismos*. Con todo, o burro é o participante máis frecuente nos *wellerismos* nos que o orador non é zoomorfo, para representar a idea que o orador flamengo ten da intelixencia do seu veciño valón.

Nas fontes utilizadas apenas atopei *wellerismos* que se baseen en fábulas, proverbios ou contos<sup>14</sup>, o que corrobora o que Cox (2007: XXI) xa dixera. Algunhas fábulas e proverbios, incluíndo as súas variantes, debido ao seu carácter internacional, son utilizados como modelos para a creación destes *wellerismos*. A fábula máis citada é, sen dúbida, *A raposa e as uvas* de Esopo, que se pode atopar nas tres fontes. De Beul (1981a), *Het Vlaamse Geluk*, mostra unha variante desta fábula na que o león substitúe á raposa.

(10) *De druiven zijn zuur, **zei de vos**, maar hij kon er niet bij*<sup>15</sup>. // [As uvas están verdes, dixo a raposa, que non podía alcanzalas] (Cox: 4414; Rede).

(11) *Wat zijn de noten tegenwoordig toch hard, **zei de leeuw**, en hij had zijn tanden verloren*. // [Que duras son as noces hoxe en día, dixo o león despois de romper os dentes] (De Beul 1981a: 9).

O proverbio «o amor é cego» tamén se rexistra como una variante pero con orador humano:

(12) *Liefde is blind, **zei de egel**, en hij kuste een cactusplant*. // [O amor é cego, dixo o porco espiño, e bicou a un cactus] (Rede).

(13) *Liefde is blind, **zei de stier**, en hij kuste de koe door de doornheg*. // [O amor é cego, dixo o touro, e bicou ao boi a través dos espiños] (Cox: 4388).

(14) *De liefde is blind, **zei de man**, en hij zoende zijn kalf door een doornhaag*. // [O amor é cego, dixo o home, e bicou ao tenreiro a través dos espiños] (Cox: 2635).

Carson Williams (2002: 23) fala dos *wellerismos macarrónicos*, nos que se mesturan dúas linguas. Só atopei tres exemplos deste tipo; dous en Cox, un deles con orador zoomorfo e baseado nun proverbio (ex. 15) e outro sobre os flamengos<sup>16</sup>. Os exemplos 15 - 17 tamén ilustran *wellerismos* do tipo macarrónico.

<sup>13</sup> Cf. Youssoupha Manei, 2015: 118.

<sup>14</sup> Segundo Carson Williams (2002: 38) estes contos son fábulas e non lendas.

<sup>15</sup> Este *wellerism* *ou* é a versión neerlandesa do exemplo español representado en ex. 2.

<sup>16</sup> Non estou segura de se debería considerar este *wellerismo* como macarrónico xa que en Bélxica, un país bilingüe, é normal incluír nunha frase neerlandesa unha expresión francesa como nos exemplos 15 - 17.



(15) *Les beaux esprits se rencontrent*, *zei de vos, toen hij de ezel op de dijk tegenkwam*. // [As grandes mentes pensan igual, dixo o boi cando coñeceu ao burro no dique] (Cox: 4358).

(16) *En avant*, *riep Corneel, en hij viel achterover*. // [Despois, gritou Corneel e caeuse cara atrás] (Cox: 980).

(17) *Les carottes sont bonnes*, *zei de waal, en hij stekte ao het vlees van de schotel* // [As cenorias son boas, dixo o valón, e levou a carne] (De Beul 1981a: 49).

Segundo as miñas conclusións parece evidente que o raposo é con diferenza o orador animal máis común, o que está en consonancia coas conclusións doutros investigadores sobre este tema. Carson Williams (2002) atopa que o raposo aparece en 25 ocasións como orador e que só é superado polo mono, que aparece 35 veces. En Meader (1994) atópase entre os oradores máis utilizados. O feito de que nas coleccións de De Beul os máis comúns sexan o león e o galo débese ao carácter político do *wellerismo*, onde se substituíu o raposo por símbolos rexionais.

Por que o raposo? A gran popularidade das *fábulas de Esopo*, mesmo hoxe en día, é un factor importante, pero penso que temos que ter en conta que se adoita asociar o raposo coa astucia e a intelixencia, calidades que lle axudan a superar situacións difíciles. Sabe como apañarse ata nas circunstancias máis complicadas e inesperadas. O seu poder sobre outros animais, en especial sobre as galiñas, non se debe á súa intelixencia, senón que vén da resposta máis cruel e aguda a un problema. Con todo, ás veces tómanlle o pelo, o que constitúe en si a sorpresa e hilaridade características dos *wellerismos*, como neste exemplo:

(18) *Het is maar zo'n overgang*, *zei de vos, toen trokken ze hem het vel over de oren*. // [Só é un cambio, dixo o raposo, e despois tiraron do seu pellelo por encima das orellas] (Cox: 4420).

Que se pode dicir sobre os elementos zoomorfos na estrutura do *wellerismo*? Ao brindar ao animal a habilidade de falar, esta unidade fraseolóxica pono ombreiro con ombreiro cos homes. Do mesmo xeito que os homes, tamén mostran emocións e enfróntanse con torpeza e graza a problemas ou situacións do día a día. Ademais, Carson Williams (2002: 12) afirma que en moitos *wellerismos* o feito de que sexan animais os que falan aumenta o efecto cómico. Nalgúns casos, como no exemplo 19, penso que a ilustración do proverbio «a beleza está nos ollos do que mira» é moito máis útil se utilizamos un bufo que se utilizamos un humano.

(19=2) *Mijn kind schoon kind*, *zei de uil, en hij bekeek zijn jong*. // [A beleza está nos ollos do que mira] (De Beul 1981b: 18).

A diferenza das fábulas, non teñen propósito moral ou de ensino. Ao diferenciarse dos asuntos dos homes e en especial polo seu carácter absurdo, o *wellerismo* fai posible falar, criticar ou ridiculizar temas ou situacións, que doutro xeito serían difíciles de tratar.

Aínda que algúns *wellerismos* estean baseados nunha fábula, existe unha gran diferenza. Nas fábulas, os animais parécense aos humanos coa intención de darnos unha aprendizaxe moral, esa é a súa mensaxe. Pola contra, os *wellerismos* non tentan transmitir ensinanzas morais, dar bo exemplo ou ser un modelo para seguir.

#### 4. Sinopse e algunhas conclusións

Neste ensaio analicei *wellerismos* con elementos zoomorfos, en particular aqueles con orador zoomorfo. Utilicei a definición canónica de *wellerismo* como base da miña análise, distinguindo entre o *dictum*, o orador e o *factum*. Traballei con materiais de dúas coleccións neerlandesas de *wellerismos*, Cox e De Beul, complementados coa Rede.

Os datos escollidos permitíronnos crear gráficos e analizar cada sección para poder responder ás dúas preguntas formuladas na introdución: 1. Que animal é o máis utilizado e que representa? 2. Cal é a función do elemento zoomorfo na estrutura do *wellerismo*? Descubrí que o raposo, debido á súa asociación coa astucia e a intelixencia, é o orador máis común. Isto non se axusta á colección de De Beul, onde é substituído polo león e o galo, debido ás claras connotacións políticas dalgún dos seus *wellerismos*. En canto á función deste tipo de *wellerismos* penso que, como as fábulas, tratan temas da vida cotiá dos homes pero substituíndo a estes por animais. Con todo, non ensinan ou moralizan, no seu lugar critican ou ridiculizan as preocupacións e cuestións do día a día do home.

O animal representa ao home coas súas propias características pero sen ningunha intención moral, xa que como ben dixo Michon «Parler de l'animal, revient à parler de l'homme». Nos *wellerismos* con elementos zoomorfos o home é xeralmente representado de maneira cómica, as súas frustracións, a súa estupidez e a súa intelixencia acentúanse para facer rir ao resto e non para dar un ensino como De La Fontaine, seguindo a Esopo, fixo nas fábulas<sup>17</sup>.

#### 5. Referencias bibliográficas

##### 5.1. Bibliografía primaria

- COX, H.L.; KOOI, Jurjien van der Kooi (2007): *Alle beetjes helpen – Nerlandse, Fritise en Vlaamse wellerismen*. Groningen: Fries en Nedersaksisch Instituut.
- DE BEUL, Daniel (1980a): *Bazen en Knechten*. Antwerpen: De Nederlanden Uitgeverij.
- DE BEUL, Daniel (1981a): *Zei-spreuken, kijkboek*. Ranst: De Beul.
- DE BEUL, Daniel (1981b): *Het Vlaamse Geluk*. Antwerpen: De Nederlanden Uitgeverij.  
([http://bennekesblogje.50plusser.nl/?page=article&warticle\\_id=43182&APOLOGISCHE-SPREEKWOORDEN-8#.Vh0dZyv3Z4Y](http://bennekesblogje.50plusser.nl/?page=article&warticle_id=43182&APOLOGISCHE-SPREEKWOORDEN-8#.Vh0dZyv3Z4Y))  
(<http://users.skynet.be/fb357447/Zei-spreuken.htm>)  
(<https://sites.google.com/site/spreekwoordenkind/zeispreuken>)

---

<sup>17</sup> *Je me sers d'animaux pour instruire les hommes*, DE LA FONTAINE, Jean (1668-1694).

## 5.2 Bibliografía secundaria

- ALINEI, M. (1984): *Dal totemismo ao cristianesimo popolare: Sviluppi semantici nei dialetti italiani ed europei*. Edizioni dell'Orso.
- AUGUSTO, M.C. (1993): *À la recherche du pourquoi du nom - étude sémantique des dénominations magico-religieuses dans les dialectes romans*. Utrecht, PHD Dissertation.
- AUGUSTO, M.C. (1994): “Padrinho e Compadre Lobo - ou lobo na denominação antroponímica e na etnografia” en *Boletim do Consulado Xeral de Portugal*, nº5, 2, 11-14.
- AUGUSTO, M.C. (2007): “Le rôle des animaux dans le discours de sagesse - une approche lexico-sémantique” en FREYERMUTH, Sylvie (ed.): *Le registre sapiential. Le livre de sagesse ou les visages de Protée*, colección: “Recherches en littérature et Spiritualité”. Bern / Berlin / Bruxelles / Frankfurt Am Main / Oxford / Wien: Peter Lang, 205-224.
- AUGUSTO, M.C. (2008): “Ou elemento zoomorfo na fraseologia: uma abordagem léxico-semântica contrastiva”, en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Fixed Expressions in Cross-Linguistic Perspective – A Multilingual and Multidisciplinary Approach*. Hamburg: Verlag Dr. Kovac, 193-210.
- AUGUSTO, M.C. (2010): “De quelques particularités des *corpora* portugais: une lecture lexico-sémantique de l'élément zoomorphique” en *Aliento 1 –Corpus, Genres, Théories et Méthodes: construction d'une base de données*. Presses Universitaires de Nancy, 249-268.
- AUGUSTO, M.C. (2015): “Wellerisms in Dutch and in Portuguese” en SOARES, Rui; LAUHAKANGAS, Outi (eds.): *8th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs*, 02/09/2015, Tavira: Tipografia Tavirense, 429-443.
- DE LA FONTAINE, Jean (1668-1694): *Fables, Livre premier*. 2ème préface à Monseigneur le Dauphin. ([http://www.crdp-strasbourg.fr/je\\_lis\\_libre/livres/LaFontaine\\_Fables1.pdf](http://www.crdp-strasbourg.fr/je_lis_libre/livres/LaFontaine_Fables1.pdf)) [Data de consulta: decembro de 2016]
- DE BEUL, Daniel (1975): *Zei-spreuken*.
- DE BEUL, Daniel (1980b): *Adam en Eva in zei-spreuken*. (<http://research.omicsgroup.org/index.php/Anti-proverb>) (<http://research.omicsgroup.org/index.php/Wellerism>)
- KRIKMANN, Arvo (2001): “Proverbs on animals identity: typological Memories” en *Folclore*, vol.17, 7- 84.
- KRUYSKAMP, C. (1947): *Apologische Spreekwoorden*. 'S Gravenhage: Martinus Nijhoff.
- MICHON, Anne-Laure Marie (2002): *La place des animaux dans la culture Judéo-Chrétienne ou comment parler de l'animal revient à parler de l'homme*. Thèse d'exercice, École Nationale Vétérinaire de Toulouse, 164.
- MIEDER, Wolfgang; KINGSBURY, Stewart (eds.) (1994): *Dictionary of Wellerisms*. New York: Oxford University Press.
- RODEGEM, Francis (1972): “Un problème de terminologie: les locutions sentencieuses”, en *Cahiers de L'Institut de Linguistique*, vol. I, nº5, 678-703.

- RODEGEM, Francis (1974a): “Analyse ethnolinguistique d’un phénomène de déviance dans une société à caractère empirique” en *Anthropos* 69, n° 5-6, 753-835.
- RODEGEM, Francis (1974b): “Une forme d’humour contestataire au Burundi: les wellérismes”, en *Cahiers d’Études Africaines*, 55, vol. XIV-3, 521-542.
- TER LAAN, K. (1979): *Nederlandse spreekwoorden / spreuken en zegswijzen*. Amsterdam, Brussels: Elsevier.
- WACKERS, Paul (1988): “Reinardus 1” en *Mutorum Animalium Conloquium or, Why do animals speak*, 163-174.
- WILLIAMS, Fionnuala Carson (2002): *Wellerisms in Ireland*. Vermont: University of Vermont.
- YOUSSOUPHA, Manei (2015): “Visiting Humorous Proverbs in African Literary Fiction” en *The Journal of Pan African Studies*, vol.7, n°8, marzo de 2015, 110-120.